


# A ESTIRPE DO ARCANXO



NATI REY



## I

## SANGUE QUENTE

Era a hora do recreo. Eu estaba apampada e cos ollos inchados, sentada nunha mesa ao fondo da cafetaría do instituto. Pasara a mañá escribindo o que recitaban os profesores, clase tras clase, até sentir como se me adormecía a man. A carón dun bocadillo de peituga de polo intentaba ordenar os meus propios apuntamentos, comprender o que anotara, estresada. Souben que o día iría a peor cando escoitei tras de min unhas gargalladas coñecidas.

—Maia, como non me esperaches? —recoñecín a voz de Dana acercándose.

Alcei o bocadillo.

—Carai, que fame traes! Nin que viñeses sen almorzar —dixo, sentando nunha cadeira fronte a min, e despois deixou unha lata de refresco de limón sobre a mesa.

Dana era miña amiga des que repetiu 3.º da ESO. Ela ten un ano máis ca min, xa é maior de idade. Morena, guapa, adora tinxir a súa longa melena con cores de fantasía. Naquela época levábaa negra con mechas violetas. Sempre estaba perfecta (uñas pintadas, lifting de pestanas, outfits atrevidos...). Aquela mañá vestía unha camisa desabotoada de cadros brancos e negros, cun top negro por debaixo e un vaqueiro folgado que lle cinguía a cintura.

En cambio eu, aínda que adoraba a moda, tiña un gusto pésimo para elixir atavíos con xeito. Tampouco me atrevía a tinguir o meu cabelo louro, que ademais era crecho e difícil de domar. Por iso odiaba erguerme tarde, porque non me daba tempo a peitearme e acababa por amarrar a melena enredada nun moño alto, o único pei-

teado que me permitía saír á rúa sen ter o aspecto do mesmísimo Rei León.

—Téñoche unha noticia, amiga —dixo Dana—. Onte libreime do mozo que tiña! —Debuxou un amplo sorriso cos beizos. Parecía feliz—. Por un momento perdera a razón —Puxo a man dereita no peito—. Até pensei que el sería o home da miña vida! Que parva fun, como ía andar eu cun galo cuxo único interese na vida é verse no espello e acicalarse!

—Coitado, non será para tanto.

—Coitado...? O próximo que colla, á parte de guapo, saberá de cosmética só o xusto... Ah, e tamén deber ter coche, e dos bos, non calquera zapatilla... Así poderá pasearme moi lonxe de Rianxo. Un home así é o mínimo que merezo, non cres? —Asentín coa cabeza mentres lle daba unha nova chantada ao bocadillo—. Pero, que che pasa, tía? —Dana abriu moito os ollos—. Hoxe non dás unha fala.

—Estou cansa. Durmín pouco e mal.

Nese momento, Dana mirou sobre o meu ombro e púxose moi seria. Pregunteille coa mirada que pasaba, ela fíxome un aceno inequívoco de noxo. Mirei para atrás, con discreción. Nuria e as súas amigas miraban para nós e rían, tapando a boca coas mans para disimular.

Nuria, ai, Nuria.

Nuria e mais eu fomos amigas até 1.º da ESO. Mais nese curso fíxose moi popular, e eu non, e esa diferenza na escala social do instituto separounos. Cando xa a nosa amizade estaba ferida de morte, empezou a meterse acotío co meu físico. Entregábame notiñas con insultos no medio da clase, e dicía que llas pasaran outras compañeiras, a pesar de que ela sabía que eu coñecía ben a súa letra e aquela caligrafía era a dela. Coido que a Nuria non lle importaba que eu soubese que aquelas cousas feas as escribía ela. Faltáballe pudor e sobráballe maldade.

—Vós de quen vos rides? —preguntoulle Dana erguéndose da cadeira.

—Da túa amiga, con ese pelo tan ensarillado parece que ten na cabeza un niño de paspallás —riu en alto Nuria.

—Ti cóidate de non morder a lingua que igual te envelenas —chantoulle Dana e volveu sentar.

—Maia, filla —díxome Nuria, alzando a voz—, polo menos sube o pantalón, que non me interesa verche esas bragas vermellas que compraches na feira. Ou é que te estás cebando de máis e compraches un vaqueiro para as medras?

Acomodei o pantalón, ben anoxada, vireime e botilles a Nuria e ás súas compañeiras unha ollada de odio. Por dentro desexaba que algo ou alguén lle arruinase á miña ex amiga o seu vestidiño de cadros de *tweed* e o cabelo negro perfectamente alisado.

—Perdón, eh! —proseguiu Nuria sen abandonar o sorriso malicioso—. Non quería ofenderte, estaba de broma, en serio.

Deille as costas a Nuria, intentando ignorala. Enchín os pulmóns de aire, para ver de controlar os nervios que me rebuligaban no estómago.

—Estasme ouvindo? —berrou Nuria outra volta con aquela gargallada.

Deille un sorbo ao refresco de Dana para ver de me calmar. Deseguido notei un formigo baixo a pel. Unha calor estraña me nacera á altura do pulso esquerdo. Notaba como aquela sensación se espaxiaba polas miñas veas. Canto máis escoitaba a voz de Nuria, máis as mans me abrasaban. Notei como a lata fervía coma o meu sangue ao contacto da man. Solteina. A lata tremelou sobre a mesa, camiñou ela soa até o bordo e logo o líquido disparouse, coma un chafariz, cara ao peito de Nuria, mollándolle todo o vestido.

—Estás tola! —chiou Nuria—. Bruxa, mira como me puxeches!

Das outras mesas chegaron sonoras risadas. A popularidade de Nuria baixou unhas poucas décimas a aquela hora.

Eu notaba moita calor no corpo todo. Non entendía como o refresco se fora botar contra Nuria. Certo que lle estivera ben e quedei satisfeita de que fixese o ridículo, pero aquel sufoco non tiña xeito ningún. Levanteime decontado e saín fóra da cafetaría. Precisaba airearme.

No corredor, a voz forte de don Paco, o meu profesor de Relixión, soou ás miñas costas.

—Maia, a onde vas? —Detívenme, sen xirarme para miralo—. En dez minutos quero verte no meu despacho.

Pareceume enfadado. Vira o que ocorrera na cafetaría? Dei a volta e asentín amodo, aínda perdida na imaxe de Nuria salpicada polo refresco.

O ambiente do despacho de don Paco resultoume cargoso, apestaba a fume de tabaco caro. O profesor fitaba en min tras o escritorio cos seus ollos escuros que contrastaban baixo as cellas grises. O profesor de Relixión era alto e groso, tiña a cara chea e encarnada coma un pemento. Levaba unha camisa azul tan axustada que os botóns parecían a punto de saltar.

—A escena da cafetaría non é propia de ti, Maia —dixo.

—Nuria meteuse comigo —Tapei as mans cos puños do xersei.

—Arrebolácheslle un refresco a outra alumna!

O profesor estaba alí e tiña que explicarlle a miña versión, se non quería que imaxinase el unha. Don Paco era amigo da miña familia, coñecíame desde cativa. Era serio e nada comprobante no instituto, pero eu tíñalle lei. Ademais, empecei a imaxinar aqueles botóns da camisa pulando coma bólas de cristal ao chan e entroume certa tenrura que favoreceu que fose sincera con el.

Conteille o da calor súbita, o da lata que se envorcou ela soa. Don Paco nin se inmutou. Limitouse a fitar en min por riba dos cristais

das lentes de moldura negra. Engurraba o cello de cando en vez, igual que cando desconfiaba dalgún alumno que puidese copiar nun exame. Eu notaba que o meu conto non lle encaixaba.

—Creo que teño febre —dixen sen pensar. Seguía a sentir aquela quentura baixo a pel do pulso.

—Vou chamar a túa avoa para que te veña buscar —Descolgou o teléfono que tiña sobre o escritorio—. Recolle a túa mochila e espéraa en Secretaría —Remexinme incómoda na cadeira. Non quería que a avoa quedase sabendo do que sucedera na cafetaría. Sempre fun unha rapaza calmosa e nunca lle dera desgustos—. Tranquila, non lle direi nada do que pasou coa túa compañeira —dixo medio sorrindo don Paco, tal coma se me lese os pensamentos.

En efecto, non lle contou nada a avoa. Ela chegou ao instituto no seu Skoda Felicia, coma sempre, derrapando en todas as curvas, e recibíame cun sorriso cando entrei no coche. Preguntoume que tal estaba, e aínda que intentei aparentar normalidade, ela coñecía-me dabondo para saber que algo non marchaba ben.

—Esta tarde fai por durmir unha sesta —dixo—, mira que olleiras traes. Xa che dixen esta mañá que tes que poñer o despertador para un pouco antes.

—Boh, de nada me vale poñelo se non lle fago caso. Vou atrasando a alarma de cinco en cinco minutos até que se me bota o tempo enriba.

—Que andarás a facer ás tantas que non dormes...

—Avoa, que queres que faga? É coma se por moito que durmire nunca me chegase para sentirme descansada...

—Iso é porque estás a medrar moito e deseguida... Vou parar na farmacia e comprarche unhas vitaminas.

Eu vivo coa avoa desde pequena. Antes vivía en París cos meus pais, pero miña nai morreu e eu vin para Rianxo con ela. A súa casa está

pintada de branco e cando chegas danche a benvida as alegres plantas do soportal. Desde as fiestras vese a ría de Arousa.

—Hoxe vou volver ao ximnasio —dixen entrando na casa—. Vaime vir ben para desconectar e cansar o corpo. A ver se así descanso máis profundamente.

—Saír da casa hache vir ben, estou de acordo. Pero ten conta, que levas o corpo desafeito e podes mancarte máis facilmente.

A avoa fixera sopa de polo. Apetecía con aquel frío de finais de outubro e tomei dúas pratadas.

—Agora toma isto —dixo a avoa colocando unha pílula encarnada no meu lado da mesa.

—E isto?

—A vitamina, Maia.

—Eu penso que non me fai falta.

—Claro que che fai falta, nena. E máis agora que vas volver ao «caramanga».

—*Krav maga*, avoa —corrixina rindo. Aínda que sempre o pronunciaba mal, a min seguíame facendo graza.

A avoa tamén riu. Os ollos azuis clariños parecía que escintilaban, e ocultaba a vergonza pola situación recolocando os guechos grises que lle escapaban do moño no alto da cabeza.

A pesar de que pasaran horas desde o incidente do instituto aínda notaba comechón no pulso. A avoa notou que me rañaba.

—Que tes na man? —preguntou.

—Nada. Penso que me mordeu un becho.

—Un becho con esta friaxe? Déixame ver.

Deume reparo amosarlle o brazo á avoa. Aparentemente non se vía nada e a calor que eu notaba era interna. Baixei a manga do xersei. Pero ela amarroume e acercou o pulso ao rostro.

—Non teño nada, solta, avoa!